



CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

SUPLEMENTO DE CRÉDITO: ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

O Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2021 acordou aprobar inicialmente e, con carácter definitivo se durante o trámite de información pública non se formulan reclamacións, o expediente de modificación de crédito número 31/2021 na modalidade de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería por importe de 400.600,00 euros.

Sometido o expediente a trámite de información pública polo prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte á inserción do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia (BOP n.º 277 do 2 de decembro de 2021), para que os interesados puideran examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimaran oportunas; durante o dito prazo de información pública non se presentaron reclamacións, polo que se considera aprobado definitivamente, o que se fai publico aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, quedando despois do dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento da seguinte forma:

ESTADO DE GASTOS						
CAP	DESCRIPCIÓN	CRÉDITOS INICIAS	MODIFICACIÓNS	CRÉDITOS DEFINITIVOS	AUMENTO POR EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO	TOTAL CONSIGNACIÓN RESULTANTE
A: OPERACIÓN NON FINANCEIRAS						
A.1 OPERACIÓN CORRENTES						
1	GASTOS DE PERSOAL.	420.776,93	98.599,41	519.376,34	-	519.376,34
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1.477.808,72	404.694,66	1.882.503,38	398.600,00	2.281.103,38
3	GASTOS FINANCEIROS	-	-	-	-	-
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES.	49.700,00	5.245,01	54.945,01	2.000,00	56.945,01
5	FONDO DE CONTINXENCIA	-	-	-	-	-
A.2 OPERACIÓN DE CAPITAL						
6	INVESTIMENTOS REAIS.	2,00	1.174.688,14	1.174.690,14	-	1.174.690,14
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.	1,00	-	1,00	-	1,00
B: OPERACIÓN FINANCEIRAS						
8	ACTIVOS FINANCEIROS	-	-	-	-	-
9	PASIVOS FINANCEIROS	-	-	-	-	-
TOTAL		1.948.288,65	1.683.227,22	3.631.515,87	400.600,00	4.032.115,87

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das

Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdicción.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a aplicación e efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Abadín, 28 de decembro de 2021.- O Alcalde, José María López Rancaño.

R. 3705

José María López Rancaño.)

BARALLA

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 21 de decembro de 2021, o orzamento xeral para o exercicio económico de 2022, a plantilla de persoal e a relación de postos de traballo para dito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e demais disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría deste concello, polo prazo de quince días hábiles, que comezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente da Corporación.

Baralla, 22 de decembro de 2021.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 3660

CASTRO DE REI

Anuncio

Aprobación inicial da Modificación do Anexo de Persoal do orzamento municipal en vigor para o ano 2021, para creación da nova praza de conserxe-limpador do colexio de educación infantil e primaria Veleiro Docampo sito en Castro Riberas de Lea.

Aprobada inicialmente polo Pleno do concello de Castro de Rei, en sesión celebrada o día 20 de decembro de 2021, a modificación do Anexo de Persoal do orzamento municipal para o exercicio 2021, para a creación da nova praza de conserxe limpador do colexio de educación infantil e primaria Veleiro Docampo de Castro Riberas de Lea, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, expónse ó público polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Durante este prazo, os interesados poderán examinala e presentar reclamación ante o Pleno.

O Anexo de Persoal modificado considerarase definitivamente aprobado se durante o expresado prazo non se presentan reclamacións.

Castro de Rei, 21 de decembro de 2021. O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 3661

CASTROVERDE

Anuncio

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria do Pleno desta Corporación, de data 21 de decembro de 2021, o orzamento xeral, bases de execución, e cadro de persoal para o exercicio económico 2022, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e demais disposicións concordantes, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días que empezarán a contarse dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde- Presidente desta Corporación.

De conformidade co acordo adoptado o orzamento considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se formulan reclamacións.

Castroverde, 21 de decembro de 2021.-O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 3662

FOZ

Anuncio

Elévase a definitivo, por non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno na súa sesión extraordinaria celebrada o día 19 de novembro de 2021 da *modificación da plantilla de persoal para o presente exercicio de 2021, co fin de adaptar as prazas aos postos da RPT segundo a modificación proposta*, que se publicou no BOP nº 269 do 23 de novembro de 2021, quedando redactado da seguinte maneira:

PLANTILLA DE PERSOAL CONCELLO DE FOZ 2021

(COAS MODIFICACIÓNS PARA ADAPTACIÓN ÁS MODIFICACIÓNS DA RPT)

A. PRAZAS RESERVADAS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES	GRUPO
1.- HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL			
1.1.- SECRETARIO	1	---	A1
1.2.- INTERVENTOR	1	1	A1
1.2.- TESORERO	1	1	A1
2.- ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL			
2.2- SUBESCALA DE XESTIÓN			
2.2.1.- ADL TÉCNICO DE XESTIÓN	1	1	A2
2.3.- SUBESCALA ADMINISTRATIVA			
2.3.1.- ADMINISTRATIVO	1	---	C1
2.4.- SUBESCALA AUXILIARES			
2.4.1.- AUXILIARES ADMINISTRATIVOS	4	1	C2
2.5.- SUBESCALA SUBALTERNA.			
2.5.1.- BEDEL COLEXIO	1	1	GAP
2.5.2.- AXENTE NOTIFICADOR	1	---	GAP
3.- ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL			

3.1.- SUBESCALA TÉCNICA			
3.1.1.- ARQUITECTO	1	---	A1
3.1.2.- APARELLADOR	1	---	A2
3.1.3.-TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE	1	1	A2
3.2.- SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS			
3.2.1.- POLICÍA LOCAL			
3.2.1.1.- OFICIAL	1	---	C1
3.2.1.2.- POLICÍAS	8	1	C1
3.3.2.- PERSOAL DE OFICIOS			
3.3.2.1.- COORDINADOR (CAPATAZ)	1	---	C1
TOTAL	24	7	---

B. PRAZAS SUXEITAS Á LEXISLACIÓN LABORAL

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES
1. DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA		
TÉCNICO ARQUIVEIRO	1	1
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	---
ORIENTADOR LABORAL	1	1
AUXILIAR DE SERVIZOS MÚLTIPLES	1	---
2. DEPARTAMENTO ÁREA ECONÓMICA		
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	1
3. DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS		
UNIDADE DE OBRAS		
COORDINADOR SERVIZOS MÚLTIPLES	1	1
MAQUINISTA CONDUTOR	3	---
OFICIAL	5	5
OFICIAL MECÁNICO	1	1
UNIDADE DE XARDINERÍA		

COORDINADOR DE XARDINERÍA	1	---
OFICIAL	2	---
UNIDADE DE LIMPEZA DE EDIFICIOS		
COORDINADOR DE LIMPEZA	1	1
LIMPADOR	4	4
UNIDADE DE LIMPEZA VIARIA		
OFICIAL	2	---
OPERARIO	6	5
UNIDADE DE RECOLLIDA DE LIXO		
COORDINADOR DE LIXO CONDUTOR	1	1
CONDUTOR DE LIXO	3	---
OFICIAL	1	1
OPERARIO SERVICIO LIXO	4	3
OPERARIO SERVIZO LIXO PUNTO LIMPO	1	1
OPERARIO DE LIMPEZA	1	1
UNIDADE DE BEDEIS		
BEDEL COLEXIO	2	---
4. DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS		
COORDINADOR SERVIZOS SOCIAIS	1	---
EDUCADOR FAMILIAR	1	---
AUXILIAR DE SERVIZOS MÚLTIPLES	1	---
AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	2	1
5. DEPARTAMENTO DE CULTURA, DEPORTE, TURISMO E DESENVOLVEMENTO LOCAL		
UNIDADE DE CULTURA		
TÉCNICO DE CULTURA	1	---
AUXILIAR DE CULTURA	1	---
TÉCNICO DE TURISMO	1	---
BIBLIOTECARIO MUNICIPAL	1	---
BEDEL CONSERXE	1	--
DIRECTOR ESCOLA DE MUSICA	1	1

PROFESORES ESCOLA DE MÚSICA (P)	6	6
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	1
ENCARGADO DE RADIO FOZ	1	---
LOCUTOR DE RADIO FOZ	2	---
UNIDADE DE DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL		
EDUCADOR SOCIAL	1	---
AUXILIAR DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	1	1
UNIDADE DE EDUCACIÓN.		
AUXILIAR UNED	1	1
TOTAL	68	38

RECURSOS:

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, ante o Órgano que ditou o presente acordo/resolución, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o órgano competente da xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e en consonancia co disposto no artigo 126 do Texto Refundido de Réxime Local e 169.3 do RD Lexislativo 22004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Foz, 27 de decembro de 2021.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 3688

Anuncio

Elevado a definitivo, por non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno na súa sesión extraordinaria celebrada o día 19 de novembro de 2021 da *modificación puntual da RPT*, que se publicou no BOP nº 269 do 23 de novembro de 2021, procédese á publicación da devandita RPT coas modificacións aprobadas:

PERSOAL FUNCIONARIO

Cód.	Denominación do posto	Dot.	C.D.	C.E.	TP	FP	Adscripción				Titulación académica	Formación específica	Observacións
							ADM	Grupo	Escala	Subescala			
1000	SECRETARIO	1	30	28.721,66€	S	C	AE	A1	Habilitación Nacional	Secretaría	Licenciado ou grado nas carreiras previstas pola lexislación	-	-
1001	TÉCNICO DE ADMÓN XERAL	1	28	15.217,81€	N	C	AL	A1	Administración Xeral	Técnica	Licenciado ou Grado Universitario Superior	-	-
1002	ADL TÉCNICO DE XESTIÓN	1	24	9.582,54€	N	C	AL	A2	Administración Xeral	Xestión	Dipomado ou Grado Universitario	-	-
1005	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	2	18	6.492,24€	N	C	AL	C2	Administración Xeral	Auxiliar	Graduado en ESO	-	-

1008	AXENTE NOTIFICADOR	1	14	4.700,38€	N	C	AL	AP	Administración Xeral	Subalterna	Sen requerimentos formativos		
2000	INTERVENTOR	1	30	28.721,66€	S	C	AE	A1	Habilitación Nacional	Intervención-Tesourería	Licenciado ou Grado nas carreiras previstas pola lexislación	-	-
2004	ADMINISTRATIVO	1	20	6.492,24€	N	C	AL	C1	Administración Xeral	Administrativa	Bacharelato/Técnico		
2005	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	2	18	6.492,24€	N	C	AL	C2	Administración Xeral	Auxiliar	Graduado en ESO		
2100	TESOUREIRO	1	28	19.736,40€	S	C	AE	A1	Habilitación Nacional	Intervención-Tesourería	Licenciado ou Grado nas carreiras previstas pola lexislación	-	-
3000	ARQUITECTO	1	28	19.736,40€	N	C	AL	A1	Administración Especial	Técnica	Licenciado ou Grado universitario superior	Arquitectura	-
3001	TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE	1	23	9.855,22€	N	C	AL	A2	Administración Especial	Técnica	Dipomado ou Grado Universitario	-	-
3002	APARELLADOR	1	26	16.230,59€	N	C	AL	A2	Administración Especial	Técnica	Dipomado ou Grado Universitario	Arquitectura Técnica	-
4000	COORDINADOR (CAPATAZ)	1	22	13.763,54€	N	C	AL	C1	Administración Especial	Servizos Especiais	Bacharelato/Técnico	-	-
4038	BEDEL COLEXIO	1	14	4.077,13€	N	C	AL	AP	Administración Xeral	Subalterna	Sen requerimentos formativos	-	-
7007	OFICIAL POLICÍA LOCAL	1	20	14.412,77€	N	C	AL	C1	Administración Especial	Servizos Especiais	Bacharelato/Técnico	-	-
7008	AXENTE POLICÍA LOCAL	8	18	9.738,36€	N	C	AL	C1	Administración Especial	Servizos Especiais	Bacharelato/Técnico	-	-

PERSOAL LABORAL FIXO

Cód.	Denominación do posto	Dot.	FP	Dotación económica	Tipo de contrato	Titulación académica	Formación específica	Observacións
1006	TÉCNICO DE ARQUIVO	1	C	29.182,53€	Fixo	Diplomado ou Grado universitario	-	Posto a tempo parcial
1007	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	C	21.718,46€	Fixo	Graduado en ESO	-	-
1009	AUXILIAR DE SERVIZOS MÚLT.	1	C	19.632,94€	Fixo	Sen requerimentos formativos		
1003	ORIENTADOR LABORAL	1	C	29.909,66€	Fixo	Diplomado ou Grado Universitario	-	-
2005	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	C	21.718,46€	Fixo	Graduado en ESO	-	A funcionarizar
4011	COORDINADOR LIMPEZA	1	C	18.781,83€	Fixo	Sen requerimentos formativos	-	-
4019	LIMPADOR	5	C	16.952,94€	Fixo	Sen requerimentos formativos	-	-
4021	COORDINADOR DE SERVIZOS MÚLTIPLES	1	C	25.872,46€	Fixo	Sen requerimentos formativos	-	-
4026	MAQUINISTA CONDUCTOR	3	C	23.005,49€	Fixo	Sen requerimentos formativos	-	-
4025	OFICIAL MECÁNICO	1	C	22.963,94€	Fixo	Sen requerimentos formativos	-	-
4027	OFICIAL	8	C	22.963,94€	Fixo	Sen requerimentos formativos	-	-

4038	BEDEL COLEXIO	2	C	17.160,69€	Fixo	Sen requerimentos formativos	-	-
4045	COORDINADOR DE LIXO-CONDUCTOR	1	C	27.820,13€	Fixo	Sen requerimentos formativos	-	-
4046	CONDUCTOR LIXO	3	C	24.911,61€	Fixo	Sen requerimentos formativos	-	-
4047	OFICIAL LIXO	1	C	24.911,61€	Fixo	Sen requerimentos formativos	-	Carnet camión (1)
4048	OPERARIO LIMPEZA	1	C	22.795,37€	Fixo	Sen requerimentos formativos	-	-
4049	OPERARIO SERVIZO LIXO	4	C	22.795,37€	Fixo	Sen requerimentos formativos	-	-
4049A	OPERARIO SERVIZO LIXO (P. LIMPO)	1	C	20.432,20€	Fixo	Sen requerimentos formativos	-	-
4058	OFICIAL LIMPEZA VIARIA	2	C	20.886,42€	Fixo	Sen requerimentos formativos	-	-
4059	OPERARIO LIMPEZA VIARIA	6	C	19.653,13€	Fixo	Sen requerimentos formativos	-	-
4077	COORDINADOR XARDINERÍA	1	C	25.080,90€	Fixo	Graduado en ESO	-	-
4078	OFICIAL XARDINERÍA	3	C	22.132,93€	Fixo	Sen requerimentos formativos	-	-
5000	COORDINADOR SERVIZOS SOCIAIS	1	C	34.973,27€	Fixo	Diplomado ou Grado Universitario	-	-
5001	TRABALLADOR SOCIAL	1	C	31.077,92€	Fixo	Diplomado ou Grado universitario	-	-
5003	EDUCADOR FAMILIAR	1	C	30.906,79€	Fixo	Diplomado ou Grado Universitario	-	-
5008	AUXILIAR DE SERVIZOS MULTIPLES	1	C	19.632,94€	Fixo	Sen requerimentos formativos	-	-
5009	AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO	2	C	16.952,94€	Fixo	Sen requerimentos formativos	-	-
6000	TÉCNICO DE CULTURA	1	C	37.940,89€	Fixo	Licenciado ou Grado Universitario Superior	-	-
6005	AUXILIAR DE CULTURA	1	C	21.744,93€	Fixo	Graduado en ESO/Sen requerimentos formativos	-	-
6003	TÉCNICO DE TURISMO	1	C	30.127,73€	Fixo	Diplomado ou Grado Universitario	-	-
6001	BIBLIOTECARIO MUNICIPAL	1	C	30.127,73€	Fixo	Diplomado ou Grado Universitario	-	-
6009	BEDEL CONSERXE	1	C	17.160,69€	Fixo	Sen requerimentos formativos	-	A amortizar
6010	ENCARGADO DE RADIO FOZ	1	C	23.666,14€	Fixo	Graduado en ESO	-	-
6014	LOCUTOR DE RADIO FOZ	2	C	22.160,43€	Fixo	Graduado en ESO	-	-
6020	DIRECTOR DA ESCOLA DE MÚSICA	1	C	27.494,54€	Fixo	Diplomado ou Grado Universitario	-	-
6025	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	C	21.718,46€	Fixo	Graduado en ESO	-	-
6023	PROFESOR ESCOLA DE MÚSICA	6	C	24.728,52€	Fixo discontinuo	Diplomado ou Grado Universitario	-	Posto suxeito ao calendario docente da Escola de Música. Posto a tempo parcial
6403	EDUCADOR SOCIAL	1	C	30.906,79€	Fixo	Diplomado ou Grado Universitario	-	-

6409	AUXILIAR DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	1	C	19.632,94€	Fixo	Sen requirimentos formativos	-	-
6504	AUXILIAR UNED	1	C	21.718,46€	Fixo	Graduado en ESO	-	-

(1) Cando un traballador doutra unidade desenvolva temporalmente o traballo de recollida de lixo, percibirá un complemento de 2.419,38 € anuais ou o seu equivalente proporcional ás horas efectivamente realizadas.

A dotación recollida nesta táboa correspóndese sempre coa xornada completa. Nos postos a tempo parcial deberá prorratearse á xornada efectiva.

RECURSOS:

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, ante o Órgano que ditou o presente acordo/resolución, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o órgano competente da xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Si optáse por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Foz, 27 de decembro de 2021.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 3689

FRIOL

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 18/2021, (sexto de competencia do Pleno), para transferencias de crédito, dentro do vixente Orzamento municipal, polo acordo adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día dezanove de novembro de dous mil vinte e un, por un importe total de CENTO TRINTA E SEIS MIL EUROS (136.000,00 €); de acordo co preceptuado e en cumprimento co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento, queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTES</u>
1.- Gastos de persoal.....	1.306.415,23.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos	1.878.417,14.-
3.- Gastos financeiros.....	5.500,00.-
4.- Transferencias correntes.....	173.685,86.-
6.- Inversións reais.....	1.397.697,88.-
7.- Transferencias de capital.....	246.577,93.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	5.008.294,04.-

Modifícase o Anexo das Inversións do vixente Orzamento.

Modifícase o Anexo da Base 13ª das Bases de Execución do vixente Orzamento, donde figura a relación das subvencións nominativas, engadindo a seguinte:

1.- Escudería Miño-Lugo (NIF G27166677), Rallye de San Froilán, importe 6.000,00 euros.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Friol, 21 de decembro de 2021.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3655

GUITIRIZ*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO ECONÓMICO DE 2022 DO CONCELLO DE GUITIRIZ. Expte. 1000/2021**

Na sesión do Pleno da Corporación celebrada o 27 de decembro de 2021 aprobouse inicialmente o Orzamento xeral para o exercicio económico de 2022. Ao abeiro do disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría deste Concello, polo prazo de quince días hábiles que empezarán a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se dirixirán á Alcaldía-Presidencia desta Corporación. No caso de non presentarse reclamacións, considerarase definitivamente aprobado o orzamento.

Na mesa sesión indicada, en cumprimento do establecido no artigo 103.bis) da Lei 7/1985, do 2 de abril aprobouse a masa salarial do persoal laboral correspondente ao mesmo exercicio económico, ascendendo á contía de 1.161.427,31 €

Guitiriz, 27 de decembro de 2021.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3692

LÁNCARA*Anuncio*

Aprobado definitivamente o orzamento do Concello de Lánacara para o exercicio económico de 2022, logo de non presentarse alegacións ó acordo inicialmente adoptado na sesión ordinaria realizada o día 25 de novembro de 2021, en cumprimento do que dispón o artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, publícase que o dito orzamento que ascende, á contía de DOUS MILLÓNS TRES CENTOS DEZANOVE MIL SETE CENTOS VINTE E SEIS EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (2.319.726,35 €) tanto no estado de gastos como no estado de ingresos, co seguinte resumo por capítulos

INGRESOS

Cap.	Descrición	Consignación
1	Impostos directos	622.631,54
2	Impostos indirectos	25.000,00
3	Taxas, prezos púb e outros ingresos	313.844,40
4	Transferencias correntes	1.140.077,96
5	Ingresos patrimoniais	6.429,26
6	Alleamento investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	211.743,19
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
Total orzamento de ingresos		2.319.726,35

GASTOS

Cap.	Descrición	Consignación
1	Gastos de persoal	652.496,23
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.323.243,79

3	Gastos financeiros	195,33
4	Transferencias correntes	39.900,00
5	Fondo de Continxencia	3.500,00
6	Investimentos reais	293.787,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	6.604,00
Total orzamento de gastos		2.319.726,35

No citado acordo plenario tamén se acordou aprobar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo desta Corporación que, segundo dispón o artigo 127 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducése de seguido:

<u>A/</u>	<u>FUNCIONARIOS DE CARREIRA</u>	<u>Nº PRAZAS</u>	<u>GRUPO</u>	<u>NIVEL SITUACIÓN</u>
1	Escala de Habilitación Nacional			
1.1	Subescala Secretaría-Intervención			
1.1.a.	Posto: Secretaría-Intervención	1	A1	28 Ocupado
2	Escala de Administración Xeral			
2.1	Subescala Administrativa	1	C1	22 Ocupado
2.1.a	Posto: Administrativo			
2.2	Subescala Auxiliar	1	C2	18 Ocupado
2.2.a	Posto Auxiliar administrativo			
2.3	Escala de Administración Xeral			
	Subescala subalterna			
2.3.a	Posto: alguacil porteiro	1	E	14 Vacante
2.3.b	Posto: Conserxe colexio	1	E	14 Ocupado
3	Escala de Administración Especial			
3.1	Subescala Técnica			
3.1.a	Posto (75%): Arquitecto	1	A1	24 Vacante

B	PERSOAL LABORAL FIXO	Nº POSTOS	SITUACIÓN
	Oficial servizos múltiples	1	Vacante
	Operario servizos múltiples	1	Ocupado

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO EJERCICIO 2022**A/ FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>DOT</u>	<u>N CD</u>	<u>CE</u>	<u>TP</u>	<u>FP</u>	<u>ADSCRIPCIÓN</u>			<u>TITULACIÓN ACADÉMICA</u>	<u>SIT</u>
						<u>Grupo</u>	<u>Escala</u>	<u>Subesc.</u>		
Secr-Int	01	28	25.881,80	S	C	A1	H.C.N.	S-I	Ldo dereito	O
Admvo	01	22	18.956,42	NS	CO	C1	Admon. Xeral	Admva	BS	O
Aux- admvo	01	18	14.792,40	NS	CO	C2	Admon. xeral	Auxiliar	GE	O
Alguacil-porteiro	01	14	8.967,42	NS	CO	E	Admon. xeral	Subalterna	Cert Escol	V
Conserxe colexio	01	14	5.160,26	NS	CO	E	Admon. Xeral	Subalterna	Cert escol	O
Arquitecto (75%)	01	24	10.833,48	NS	CO	A1	Admon. especial	Técnica	Arquitectura	V

DOT=Dotación; N.C.D. =Nivel Complemento Destino; C.E. = Complemento Específico; T.P. = Tipo de Posto; F.P. = Forma Provisión; F. ESP. = Formación Específica; NS= Non Singularizado; S= Singularizado; CS= Comisión de servicios; C= Concurso; OP= Oposición; H.N.=Habilitación Carácter Nacional; D.U.= Diplomado Universitario; G.E. = Graduado Escolar; E.S.O. = Educación secundaria obrigatoria; O = Ocupado polo titular.

B/ PERSOAL LABORAL FIXO

Denominación do posto de traballo e a súa clasificación laboral	Nº DE DOTACIONS	RETRIBUCIONS ANUAIS	OUTRAS REMUNERACIONS ANUAIS
Oficial servizos múltiples (C2, CD 18)	1	9.174,56	21.221,30
Operario servizos múltiples (E, CD 14)	1	8.408,12	7.019,32

C/ PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA O EJERCICIO 2022

POSTO	Nº POSTOS	CARACTERÍSTICAS
Traballadora social	01	Xornada Completa
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	01	Xornada Completa
Oficial de 2ª	01	Xornada Completa
Tractorista	01	Xornada Completa
Encargada OMIX	01	Xornada Tempo Parcial
Monitor Tempo Libre	01	Xornada Completa

PERSOAL LABORAL TEMPORAL FOMENTO DO EMPREGO

Peóns de Servizos Múltiples	04	Xornada Completa 6 meses
Albanel-Oficial 1ª	02	Xornada completa 6 meses

Palista	01	Xornada completa 6 meses
Tractorista	01	Xornada completa 6 meses

No cadro de persoal non se contemplan outras posibles contratacións temporais que este Concello poida realizar ao abeiro dalgunha subvención do Estado, da Xunta de Galicia ou doutro organismo público, ou ben por necesidades perentorias do servizo. De conformidade co disposto no art. 171.1 do R. D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra a aprobación definitiva do orzamento municipal, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 23 de decembro de 2021.-O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 3663

LUGO

Anuncio

Aprobada inicialmente a conta de liquidación definitiva polo Consello Reitor da Xunta de Compensación da Unidade de Actuación Centro Sur-15 do PXOU de 1990 (URPI-42 do PXOM vixente) na reunión celebrada con data do 7-12-2021, segundo certificación expedida polo seu Secretario coa mesma data e presentada no rexistro xeral deste Concello tamén con data do 14-12-2021. Conforme ao previsto no artigo 279.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sométese a información pública polo prazo dun mes, durante o cal poderá ser examinada no Servizo de Urbanismo deste Concello (Ronda da Muralla, nº 197), e presentarse as reclamacións ou suxestións que se desexen.

Lugo, 21 de decembro de 2021.- A ALCALDESA, P.D. A TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, EN SUBSTITUCIÓN DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA, (Decreto número 2973/2021) Mercedes Paula Alvarellos Fondo.-

R. 3665

MONDOÑEDO

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcorrido o prazo de información pública do expediente administrativo do Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2022, aprobado inicialmente en sesión plenaria de 30 de Novembro do 2021, e non téndose presentado reclamación administrativa algunha contra o mesmo durante o período de exposición, considérase definitivamente aprobado, sendo o seu resumo por capítulos o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

CAP.	DESCRIPCION	CONSIGNACION
1	GASTOS DE PERSONAL	3.146.345,52
2	GASTOS CORRIENTES EN BENS E SERVIZOS	1.289.508,33
3	GASTOS FINANCIEROS	6.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	59.900,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	0,00
6	INVERSIÓN REAIS	97.199,90
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS		3.598.954,21

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	DESCRIPCION	CONSIGNACION
1	IMPOSTOS DIRECTOS	1.565.250,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	30.000,00
3	TASAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	532.477,50
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.378.347,31
5	INGRESOS PATRIMONIALES	23.759,40
6	ENAXENACIÓN DE INVERSIÓN REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	69.120,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS		3.598.954,21

Do mesmo xeito en cumprimento do disposto no artigo 127 do RDL 781/1986, de 18 de abril, faise pública a plantilla de persoal:

PLANTEL DE PERSONAL 2022*RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO*

1.- SECRETARÍA E SERVIZOS ECONÓMICOS.

IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABAJO					REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO			
Nº	DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABAJO	Nº Prazo	RX	CD	SITUACION	GR/SGR	ESC/SUB	PRAZA
001	Secretario/a-Interventor/a	1	F	28	Definitiva	A1/A2	FHN/SI	Secretario/a-Interventor/a
007	Técnico/a administración persoal e emprego	1	F	23	Vacante	A2	AX/X	Técnico/a Xestión
009	Responsable tramitación asuntos secretaría	1	F	22	En propiedade	C1	AX/ADM	Administrativo/a
010	Responsable contabilidade e asuntos tramitación intervención	1	F	23	En propiedade	B	AX/ADM	Administrativo/a
016	Responsable rexistro, padrón, tramitación expedientes diversos e atención á alcaldía	1	F	20	En propiedade	C1/C2	AX/AD-AUX	Administrativo/a-Auxiliar

2.- SERVIZOS SOCIAIS E BENESTAR.

Unidade Servizos Sociais e Benestar

IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO					REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO			
Nº	DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	Dot	RX	CD	SITUACIÓN	GR/SGR	ESC/SUB	PRAZA
004	Responsable unidade servizos sociais e benestar	1	F	25	Vacante	A2	AE/T/M	Traballador/a Social
005	Traballador/a social	1	F	23	Vacante	A2	AE/T/M	Traballador/a Social
027 a 037	Auxiliar axuda no fogar (xornada completa)	11	L	14	Vacante	C2/AP		Auxiliar Axuda Fogar
038	Auxiliar axuda no fogar (xornada tempo parcial-25 horas)	1	L	14	Vacante	C2/AP		Auxiliar Axuda Fogar
039	Auxiliar axuda no fogar (xornada tempo parcial-30 horas)	1	L	14	Vacante	C2/AP		Auxiliar Axuda Fogar

3.- CULTURA, TURISMO, DEPORTE E MOCIDADE.

IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO					REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO			
Nº	DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	Dot	RX	CD	SITUACIÓN	GR/SGR	ESC/SUB	PRAZA
003	Dinamizador/a actividades deportivas	1	F	21	Vacante	A1/A2	AE/T/S-M	Mestres/ graduados Educación Física
008	Dinamizador/a cultura e Turismo	1	F	20	Vacante	A1-A2-B-C1	AX/T-X-ADM//AE/T/S-M-A	
020	Auxiliar biblioteca e actividades literarias	1	F	16	Vacante	C2	AE/SE/CE	Auxiliar Biblioteca
019	Auxiliar oficina municipal información á mocidade	1	F	14	Vacante	C2	AE/SE/CE	Auxiliar OMIX

4.- URBANISMO OBRAS E SERVIZOS

4.1 Unidade servizos urbanísticos

IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO					REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO			
Nº	DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	Dot	RX	CD	SITUACIÓN	GR/SGR	ESC/SUB	PRAZA
002	Responsable unidade servizos urbanísticos	1	F	26	Vacante	A1	AE/T/S	Arquitecto

006	Arquitecto/a técnico/a (1/2 xornada)	1	F	23	Vacante	A2	AE/T/M	Arquitecto/ Arquitecto técnico
018	Encargado/a oficina de apoio administrativo	1	F	18	Vacante	C2	AX/AUX	Auxiliar

4.2.- Unidade mantemento edificios

IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO						REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO		
Nº	DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	Dot	RX	CD		GR/SGR	ESC/SUB	PRAZA
040	Conserxe coordinador/a unidade mantemento edificios	1	F	14	En propiedade	AP	AX/SUB	Conserxe
044	Operario/a servizos múltiples-Encargado/a Albergue	1	F/L	13	Vacante	AP	AE/SE/PO	Operarios
048 a 050	Operarios/as servizos múltiples	3	F/L	13	Vacante	AP	AE/SE/PO	Operarios

4.3 Unidade mantemento xardíns, espazos naturais e limpeza viaria

IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO						REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO		
Nº	DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	Dot	RX	CD	SITUACIÓN	GR/SGR	ESC/SUB	PRAZA
041	Coordinador/a unidade mantemento xardíns, espazos naturais e limpeza viaria	1	F/L	14	Vacante	AP	AE/SE/PO	Operario
045	Operario/a servizos múltiples-condutor-obras	1	F/L	13	Vacante	AP	AE/SE/PO	Operario
051a a 053	Operarios/as servizos múltiples	3	F/L	13	Vacante	AP	AE/SE/PO	Operario

4.4. Unidade de obras e servizos

IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO						REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO		
Nº	DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	Dot	RX	CD		GR/SGR	ESC/SUB	PRAZA
021	Coordinador/a unidade obras e servizos	1	F/L	17	Vacante	C2	AE/SE/PO	Oficial
022 a 025	Oficiais servizos múltiples-condutores	4	F/L	15	Vacante	C2	AE/SE/PO	Oficial
042	Operario/a servizos múltiples-condutor	1	F/L	13	Vacante	AP	AE/SE/PO	Operario

	obras- Encargado/a Cemiterio							
043	Operario/a múltiples- obras- Encargado/a instalacións deportivas	1	F/L	13	Vacante	AP	AE/SE/PO	Operario
046- 047	Operarios/as múltiples- obras- condutores-	2	F/L	13	Vacante	AP	AE/SE/PO	Operario

5.- SERVICIOS DE SEGURIDADE.

Corpo de Policía Local

IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO					REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO			
Nº	DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	Dot	RX	CD	SITUACIÓN	GR/SGR	ESC/SUB	PRAZA
011	Xefe/a corpo policía local	1	F	22	Vacante	C1	AE/SE/PL	Oficial Policía local
012 a 014	Policías locais	3	F	20	1 En propiedade 2 Vacantes	C1	AE/SE/PL	Policía local
015	Policía local	1	F	20	En propiedade	C1	AE/SE/PL	Policía local
026	Auxiliar policía local	1	F	16	Vacante	C2	AE/SE/PL	Auxiliar policía local

PERSONAL LABORAL TEMPORAL

PERSOAL LABORAL TEMPORAL	
TRABALLADORA SOCIAL	2
PSICOLÓGA CIM	1
AVOGADA CIM	1
ARQUEÓLOGO	1
AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR	23
COORDINADORA EDUCADORA AT. TEMPERÁ	1
PSICOPEDAGOGA ATENCIÓN TEMPERÁ	1
LOGOPEDA ATENCIÓN TEMPERÁ	1
LDO DEREITO ÁREA REXURBE	1
TÉCNICOS DEPORTES E EMPREGO (AEDL)	2
PERSONAL DE OBRAS E SERVIZOS	16
ARQUITECTO	1
AUXILIAR OFICINAS	2

PROFESORES ESCOLA MÚSICA	3
AUXILIARES BIBLIOTECA E OFICINA INF. XUVENIL	2
AUXILIAR POLICÍA LOCAL	1
SOCORRISTA	2
TOTAL PERSOAL LABORAL TEMPORAL	61

O plantel de persoal laboral temporal poderá incrementarse coas subvencións que este Concello poida recibir dos Organismos Oficiais para financiar a contratación de persoal ou ben por motivos de extrema urxencia e necesidade para atender servizos prioritarios dentro do marco da estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Segundo o disposto no artigo 171.1 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, poderase interpoñer directamente contra o referenciado orzamento xeral, recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende a data seguinte á publicación deste anuncio.

Mondoñedo, 27 de Decembro do 2021.- O alcalde, Manuel Angel Otero Legide.

R. 3673

OUTEIRO DE REI

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN E DO PROXECTO DE REPARCELACIÓN DE A PALLOZA

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, fago saber que, con data de 21 de decembro de

2021, aprobouse inicialmente o proxecto de reparcelación e o proxecto de urbanización do sector A Palloza.

De conformidade co disposto no artigo 106 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, ábrese un trámite de información pública de un mes durante o cal calquer interesado poderá presentar as alegacións que estime convintes na defensa dos seus dereitos ou intereses.

Os proxectos atópanse a disposición pública no taboleiro de edictos do Concello de Outeiro de Rei, sito na dirección electrónica <https://outeiroderei.sedelectronica.gal/board>

Así coma no portal de transparencia, apartado “7. Urbanismo, obras públicas e medio ambiente”, ubicado na dirección electrónica: <https://outeiroderei.sedelectronica.gal/transparency>

Outeiro de Rei, 21 de decembro de 2021.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 3666

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 41/2021

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 30/11/2021, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 41/2021 do orzamento en vigor, na modalidade transferencia de crédito que se fai publico resumido por capitulos

Altas en aplicacións de gastos

APLICACIÓN	CONCEPTO	MODIFICACIÓN
342/619.00	Pista multideporte	50.000,00
TOTAL		50.000,00

Baixas en aplicacións de gastos

APLICACIÓN	CONCEPTO	MODIFICACIÓN
160/609.00	Inversion en saneamentos. Rúa amallo	50.000,00
	TOTAL	50.000,00

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 28 de decembro de 2021.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3706

RIOTORTO*Anuncio*

Elevándose a definitivo por non presentarse reclamación durante a exposición pública o acordo adoptado polo Pleno en sesión extraordinaria celebrada o día 5 de novembro de 2021 no que figura a modificación da ordenanza aprobada, transcríbese a continuación:

3.- EXPEDIENTE DE ORDENACIÓN SOBRE O IMPOSTO DE BENS INMOBLES. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DESE IMPOSTO. APROBACIÓN SE PROCEDE.

Por Secretaría, de orde da Presidencia, deuse conta á corporación municipal do estado actual do expediente de ordenación do imposto de bens inmobles, modificación da ordenanza reguladora.

Considerando que no expedientes constan os informes de Secretaría e Intervención favorables a citada modificación.

Vista a proposta de Alcaldía que se sinala: *“Resultando necesario utilizar os recursos económicos que establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por RDL 2/2004, de 5 Marzo, entre os que se encontra o imposto sobre bens inmobles, tramitouse o expediente administrativo para ordenar dito tributo, modificar a ordenanza que o regula.*

Vistos os informes de Secretaría e de Intervención unidos ao expediente e polo que propoño ao Pleno que acorde:

- 1. Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza unida a este expediente e que regula a citado imposto.*
- 2. O presente acordo provisional, expoñelo ao público así como a ordenanza citada, modificación da mesma, e o resto do expediente polo prazo de 30 días hábiles mediante edictos insertos no B.O.P. e no Taboleiro de Anuncios. Dentro do citado prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.*
- 3. Rematada a exposición pública, o Pleno adoptará o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se presentaran, no seu caso, e aprobando a redacción definitiva da ordenanza, modificación da mesma.*

No caso de que non se presentaran reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario, e considerárase definitivamente aprobada a ordenanza, a súa modificación.

- 4. O acordo definitivo adoptado ou provisional elevado a definitivo xunto co texto da modificación da ordenanza publicarase no B.O.P.*
- 5. A referida modificación da ordenanza fiscal entrará en vigor no mesmo día da súa publicación no B.O.P. e no Taboleiro de anuncios, e sendo de aplicación dende o 1 de xaneiro de dous mil vinte e dous.”*

Modifícase o artigo 8 no seu apartado a), que queda redactado como segue:

“Artigo 8º. Tipo de gravame e cota.

O tipo de gravame será:

a) Para os bens inmobles de natureza urbana o 0,50%.”

A corporación municipal, tras deliberacións e co voto favorable dos 6 concelleiros do grupo municipal do PP presentes e a abstención do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, acorda aprobar a proposta da Alcaldía citada.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES, MODIFICACIÓN DO SEGUINTE ARTIGO:

Artigo 8º.a) Tipo de gravame e cota.

O tipo de gravame será:

a) Para os bens inmobles de natureza urbana o 0,50%.

Riotorto, 24 de decembro de 2021.-O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 3674

VILALBA

Anuncio

SEGUNDA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DO CONCELLO DE VILALBA A AUTÓNOMOS E EMPRESAS AFECTADAS POLO PECHÉ OBRIGATORIO DAS SÚAS ACTIVIDADES DURANTE A SITUACIÓN DE CRISE SANITARIA POR CAUSA DA COVID-19 POR CONCURRENCIA NON COMPETITIVA. EXPTE. 4130/2021

As competencias das entidades locais veñen determinadas con carácter xeral na normativa básica de réxime local emitida pola Administración do Estado no exercicio do art 149.1.18 da Constitución Española, pola Lei 7/85 do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local,

Pola súa banda o Tribunal Constitucional ten clarificado que o réxime de competencias disposto na normativa básica estatal non ten natureza pechada, senón de mínimos, de forma que a lexislación sectorial das Comunidades Autónomas pode, dentro do marco das súas competencias, atribuír ámbitos de xestión nos que as entidades locais poidan desenvolver iniciativas do seu interese, dado que o artigo 7.2 da citada LRBRL dispón que as competencias propias dos Municipios, as Provincias, as Illas e demais Entidades territoriais só poderán ser determinadas por Lei e exércense en réxime de autonomía e baixo a propia responsabilidade, atendendo sempre á debida coordinación na súa programación e execución coas demais Administracións Públicas.

Coa habilitación normativa anterior e á vista do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declarou o Estado de Alarma como medida extraordinaria orientada a evitar a propagación de contaxios e a garantir a máxima protección da poboación por mor da propagación da COVID-19, e o resto de normativa posterior que derivou en medidas de apoio á saúde con derivas negativas ao tecido económico, o Concello de Vilalba, ante ditos efectos negativos que está tendo no noso sector económico todo o que implica a pandemia, pretende levar a cabo medidas de apoio ao tecido económico municipal, para que evite, en adición a outras medidas de fomento levadas a cabo dende outras administracións, na medida do posible, o peche de pequenos comercios, o aumento do desemprego na localidade, e por conseguinte o incremento do risco de exclusión social.

A natureza excepcional da pandemia e das medidas adoptadas para o seu control está a provocar consecuencias de escala significativa en todos os compoñentes da sociedade. Un destes compoñentes son as microempresas constituídas por autónomos aos que a situación sobrevinda pónenos en condicións extremas xa que a falta de ingresos nestes momentos polas medidas instauradas devén nunha grave falta de liquidez, afectando seriamente á súa situación económica a curto e medio prazo, pero tamén supón un grave risco para a súa viabilidade futura. Desde o Concello de Vilalba considérase imprescindible un apoio público, na medida das súas posibilidades orzamentarias, dirixido a garantir ás empresas (cuxa facturación anual non supere 500.000 euros con carácter xeral), e ós autónomos liquidez que lles permita contrarrestar o dano que están a sufrir, de forma que se preserve a súa viabilidade empresarial e económica no momento actual. Esta medida é compatible con outras axudas que se están implementando dende outras administracións, e independente tamén das axudas que desde a área de Servizos Sociais están a poñerse ao dispor daqueles veciños e veciñas que teñan necesidades urxentes independentemente do seu carácter de empresario/a, traballador/a, desempregado/a, etc.

No BOP de 28 de outubro publicouse a convocatoria e bases reguladora das axudas do Concello de Vilalba a autónomos e empresas afectadas polo peche obrigatorio das súas actividades durante a situación de crise sanitaria por causa do Covid-19 por concurrencia non competitiva, e rematado o prazo desta convocatoria na que se repartiron un total de 236.350,00 €, quedando un remanente do inicialmente orzamentado para esta liña de axudas que era de 350.000,00 €, vese aconsellable volver a convocar a axuda para aqueles autónomos e empresas que quedaron sin solicitar a axuda, e para outros sectores que non estaban incluídos na primeira convocatoria e que si se viron afectados pola pandemia, no sentido de que viron mermados os seus ingresos sustancialmente motivados pola redución da actividade.

Por todo o anterior, DISPONSE :

Artigo 1. Obxecto e finalidade.

1.- As presentes Bases teñen por obxecto establecer a regulación (solicitude, tramitación, concesión, pago e xustificación) das subvencións a conceder polo Concello de Vilalba destinadas a paliar o impacto derivado da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 sobre as empresas, cuxa facturación anual non supere 500.000 de euros con carácter xeral, e autónomos de Vilalba que tiveron que pechar os seus establecementos nalgún momento dende que se declarou o Estado de Alarma a través do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo e outras medidas restrictivas posteriores executadas polo Estado e pola Comunidade Autónoma de Galicia, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola pandemia, ou que viron mermados os seus ingresos motivados pola redución da actividade.

2.- A finalidade é protexer e apoiar ao tecido produtivo e social de Vilalba constituído polas devanditas empresas e autónomos para lograr atenuar as consecuencias negativas polo peche en calquera momento dende que se iniciou a pandemia e aliviar a conta de resultados destas empresas para que se deteriore o menos posible, subvencionándose os gastos estruturais de funcionamento da actividade que foron soportados malia a carencia de ingresos durante o peche dos seus establecementos por imperativo da entrada en vigor do citado Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo e outras medidas restrictivas posteriores executadas polo Estado e pola Comunidade Autónoma de Galicia.

O papel dos concellos na crise económica e de emprego que nos toca vivir é capital en tanto que, mais alá da importancia dos recursos aportados polas administracións central e autonómica, é a institución municipal a que ten o coñecemento e grao de achegamento suficiente para sumar e adaptarse á realidade local particular, exercendo as súas competencias en materia de desenvolvemento económico, no deseño de estratexias de promoción económica capaces de identificar e por en valor os seus recursos e complementar, pola vía de programas de estímulo, as necesarias actuacións acometidas polas restantes administracións.

Artigo 2. Réxime xurídico e bases reguladoras.

1.- A presente convocatoria rexerase, con carácter xeral, polo disposto nas bases reguladoras, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (en diante LXS) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (en diante RLXS), na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da citada lei de subvencións de Galicia, e nas Bases de execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2021. De xeito supletorio, pola normativa da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

2.- As actuacións para levar a cabo con ocasión da tramitación destas axudas estarán rexidas polos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Artigo 3. Ámbito de aplicación.

1.- A presente convocatoria diríxese a aquelas persoas físicas e empresas que reúnan a condición de persoa beneficiaria segundo o previsto no artigo 7 destas Bases e que a súa actividade se encadre nalgunha das seguintes agrupacións do Imposto de Actividades Económicas, segundo o Real Decreto Lexislativo 1175/1990 do 28 de setembro (BOE 234 do 29 de setembro de 1990, e actualizacións correspondentes) e sempre que o seu establecemento se vise obrigado ao peche por imperativo da entrada en vigor do citado Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo e outras medidas restrictivas posteriores executadas polo Estado e pola Comunidade Autónoma de Galicia, e outros sectores que se viron afectados na súa facturación recollidos no anexo I desta orde de convocatoria. Neste anexo I relacionanse as actividades beneficiarias clasificadas segundo o citado Real Decreto Lexislativo 1175/1990, non podendo ser beneficiarias outras actividades que non figuren no citado anexo I. Igualmente aqueles que solicitaron na anterior convocatoria non poderán ser beneficiarios, excepto que exerzan outra das novas actividades subvencionables ou solicitaran por un solo local dispoñendo de máis dun local de negocio cos epígrafes subvencionables no sector da hostalería (agrupación 67 e 68).

2.- En caso de empresarios autónomos que figuren de alta en dous ou máis epígrafes do IAE, serán considerados como posibles beneficiarios sempre que a actividade principal que desenvolven estea incluída dentro das agrupacións subvencionables.

3.- No caso de que un mesmo propietario teña máis dun centro de traballo co mesmo epígrafe concederáse por cada local unha subvención no caso do sector da hostalería (agrupación 67 e 68). Igualmente aqueles negocios con epígrafes de IAE distintos subvencionables, sempre que se presten en locais distintos concederáse por cada un deles unha subvención, segundo os epígrafes correspondentes.

Artigo 4. Crédito orzamentario.

O importe máximo destinado a atender estas axudas ascende a un total de 113.650 €, que se imputarán á aplicación orzamentaria correspondente 430.470 subvencións para o fomento do emprego do Orzamento Municipal 2021.

Todo iso sen prexuízo da posibilidade de incrementar unha cantidade adicional no suposto de existencia de maior crédito, previa autorización do gasto correspondente.

Artigo 5. Concepto subvencionable.

Ten a consideración de concepto subvencionable, o cesamento da actividade obrigatorio, e ou merma de ingresos motivados polas medidas restrictivas, a reapertura posterior despois de cada orde ou normativa administrativa de obrigatoriedade de peche, sempre que as actividades desenvolvidas estén recollidas no Anexo I da presente convocatoria.

Artigo 6. Destino e contía das axudas.

1.- As axudas están destinadas a paliar o impacto económico desfavorable para a actividade económica desenvolvida por autónomos e empresas cuxa facturación anual non supere 500.000 euros con carácter xeral, e que se vira obrigada á suspensión da súa apertura ao público durante os períodos en que someteu un peche obrigatorio ditado polas distintas administracións con competencias na materia de xestión da crise sanitaria,

excepto as actividades que non tiveron que pechar, pero viron mermada a súa facturación, e que se recollen no anexo I da presente convocatoria.

A acreditación do peche do establecemento e/ou merma da facturación da actividade realizarase mediante declaración responsable do solicitante emitido para o efecto. Sen prexuízo das actuacións inspectoras e de comprobación que poida executar o Concello de Vilalba.

2. -O importe da subvención para conceder serán en función dos seguintes epígrafes:

a 1) **EPÍGRAFE 65, 721.2:** A subvención será de 850 euros.

a 2) **Epígrafe 644.1, Grupo 663, Agrupación 82, Grupo 854, Grupo 932, Grupo 933, Grupo 982, Grupo 983, Grupo 989:** A subvención será de 850 euros.

No caso do **Epígrafe 644.1** o solicitante terá que acompañar declaración de ingresos de que como mínimo o 80% procede da actividade de pastelería ou confitería.

b) **EPÍGRAFE 67, 68, 967, 972:** Establécese un importe de 1.300 euros.

c) **EPÍGRAFE 981.2, 039:** A subvención será de 2.000 euros.

d) No caso de empresas do sector hostaleiro (epígrafe 67) de ter **máis de dez traballadores/as**, a axuda será de 5.000 euros. Igualmente neste caso a facturación poderá superar os 500.000 €.

e) **OCIO NOCTURNO:** Establécese un importe de 5.000 €.

f) Venta ao por menor de sectores cuxa actividade estea relacionada co sector de eventos de vodas: 2.000 euros (comercio de roupa específico de roupa de bodas, venda de flores)

Artigo 7. Persoas beneficiarias.

1.- Poderán solicitar esta subvención aqueles autónomos ou empresas que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención, recollidas no artigo 3 da presente orde (relacionadas no anexo I), e que cumpran os seguintes requisitos:

a. Que a actividade que desenvolven se vira afectada polo peche de establecementos disposto polo RD 465/2020, do 17 de marzo (que modifica o artigo 10 do RD 463/2020, do 14 de marzo), e/ou posteriores peches decretados polo goberno ou pola Xunta de Galicia, ou que tivera unha merma importante de ingresos motivada polas restricións do Covid19.

b. Que a facturación anual non supere 500.000 euros con carácter xeral. Para elo terase en conta a facturación dos anos 2019, e/ou 2020, non podendo superala en ningunha das anualidades. Exceptúanse desta limitación as empresas do sector hostaleiro (epígrafe 67) sempre que teñan máis de dez traballadores/as, podendo a facturación superar os 500.000 €.

b. No caso de autónomos/as, estar afiliado como autónomo e coa alta en vigor na data da declaración do estado de alarma. (14 de marzo de 2020), ou coa alta como mínimo, 8 meses despois da data da declaración do estado de alarma (14 de novembro do 2020), e sempre que estén coa alta en vigor na data de publicación desta convocatoria. Tamén terán dereito a esta axuda as persoas físicas que teñan unha incapacidade permanente total que sigan mantendo a súa actividade e con empregados por conta allea.

c. Que teñan a actividade no municipio de Vilalba, polo que ten que radicar no mesmo o centro de traballo afectado.

d. Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal (AEAT), coa Facenda da Xunta de Galicia e do Concello de Vilalba, e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS). Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pago da subvención, no seu caso.

2.- Quedan excluídas das presentes axudas as asociacións, as comunidades de propietarios en réxime de propiedade horizontal.

3.- Quedan excluídas tamén as Administracións Públicas, os seus organismos autónomos, as empresas públicas, empresas mixtas e outros entes públicos, as empresas concesionarias de servizos públicos, así como as UTES (Unións Temporais de Empresas), asociacións, fundacións e, en xeral, entidades sen ánimo de lucro e o persoal autónomo colaborador.

Artigo 8. Compatibilidade da subvención.

Estas axudas serán compatibles con calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso procedente doutras Administracións ou entes, xa sexan públicos ou privados, rexionais, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais e con aquelas incluídas en calquera outro plan executado dende o Concello de Vilalba, sempre e cando se respeten los límites establecidos en el Marco nacional temporal relativo ás medidas de axuda a empresas e autónomos, consistentes en subvencións directas, anticipos reembolsables, ventaxas fiscais, garantías de préstamos e bonificacións de tipos de interés en préstamos destinadas a respaldar la economía no contexto do actual brote de COVID-19, aprobado por Decisión de la Comisión Europea SANA.56851 (2020/N), de 2 de abril de

2020), e as súas modificacións (Marco temporal).

Artigo 9.- Prazo e Forma de presentación de solicitudes

- 1.- O modelo de solicitude será unha instancia dispoñible na web municipal www.vilalba.gal, modelo establecido como ANEXO II destas bases.
- 2.- Segundo o artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, as solicitudes presentaranse por vía telemática a través da Sede electrónica do Concello de Vilalba.
- 3.- O prazo de presentación das solicitudes será de QUINCE DÍAS NATURAIS, a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).
- 4.- A presentación da solicitude de subvención fóra do prazo establecido e a non utilización dos formularios normalizados de uso obrigatorio, serán causas de NON ADMISIÓN.

Artigo 10.- Documentación a achegar:

- Solicitude normalizada (ANEXO II), asinada pola persoa interesada, ou o seu representante legal, debendo acompañarse, obrigatoriamente, da seguinte documentación:
 - a. DNI polas dúas caras, ou NIE acompañado do pasaporte.
 - b. Informe de Vida Laboral actualizado á data de publicación destas bases, do autónomo/a, e da empresa de selo caso (empresas de máis de 10 traballadores no sector da hostalería e as persoas físicas que teñan unha incapacidade permanente total con empregados por conta allea). Neste caso deberán acompañar a vida laboral da empresa con data do 01-01-2019 ao 31-12-2019, onde se indique a media de traballadores.
 - c. No caso de incapacidade permanente total, acompañarase a resolución, ou certificación da citada incapacidade.
 - d. Certificado emitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria acreditativo de atoparse de alta no mesmo epígrafe do Imposto de Actividades Económicas que se indicou no documento de solicitude.
 - e. Certificados de AEAT, Seguridade social e Xunta de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias.
 - f. Certificación do número de conta bancaria para o ingreso da axuda.
 - g. No caso de actividades de ocio nocturno: Presentarase a licenza de apertura de CAFÉ CONCERTO concedida polo Concello.

Artigo 11. Procedemento de concesión.

1. O procedemento será o procedemento en réxime de concorrência non competitiva. Unha vez aprobadas as presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.
- 2.- O procedemento de concesión das subvencións contidos nesta orde é non competitivo e axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e pola finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento. A concesión das axudas realizarase pola comprobación da concorrência na persoa ou entidade solicitante dos requisitos sinalados nesta orde ata o esgotamento do crédito.
- 3.- En aplicación dos principios de eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos establecidos na Lei de subvencións de Galicia e sendo unha convocatoria de subvencións en concorrência non competitiva, as subvencións resolveranse por orde de rexistro de entrada das solicitudes presentadas. Non obstante, naqueles supostos en que se requirise aos solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou documentación presentada, entenderase por rexistro de entrada da solicitude presentada a data en que tal requirimento estivese correctamente atendido.
4. De conformidade co previsto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base

Artigo 12. Instrución e resolución do procedemento de concesión.

- 1.- A concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase de acordo co establecido nos artigos 22.1 e 23 a 27 da LXS, así como nos artigos concordantes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da citada lei de subvencións de Galicia.

A instrución do presente procedemento realizarase pola Comisión de Valoración nomeada para o efecto, á que lle corresponderán as funcións de comprobación das documentacións presentadas, valoración, no seu caso, dos documentos, proposta de resolución e calquera outros trámites para o debido desenvolvemento e tramitación do procedemento.

A mesma estará constituída polos seguintes integrantes, todos eles con voz e voto, salvo o Secretario/a que só terá voz:

Presidente/a: Dña. Elba M^a Veleiro Fernández, Alcaldesa-Presidenta.

Vogais:

- 1.- Don. Gonzalo Hermida Carreira. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Vilalba.
- 2.- Dona. María José Lama Villares. Administrativa do persoal do Concello de Vilalba.
- 3.- Don Fernando Rodríguez Vidal. Informático do Concello de Vilalba

Poderán designarse suplentes da área xurídica e/ou económica, para a súa substitución.

Secretario: Obrigatoriamente un dos vogais actuará como Secretario.

A citada Comisión reunirse a convocatoria da Presidente da mesma ou da Alcaldesa- Presidenta da Corporación, dentro do prazo máximo dos dez días naturais seguintes á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, para os efectos da instrución do Expediente, segundo procedemento previsto nas presentes bases. Estas reunións poderán realizarse de maneira presencial ou electrónica, non tendo carácter público.

2.- A concesión de axudas efectuarase ata esgotar o crédito dispoñible destinado a atender as mesmas nese momento (segundo dispoñibilidade orzamentaria aprobada).

3.- Procedemento de concesión das Axudas:

a) Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, constituirase a Comisión de Valoración, para os efectos de comprobar a documentación presentada polos solicitantes, aprobándose a proposta da listaxe inicial de admitidos e excluídos provisionalmente, concedéndose, en caso de detectarse defectos emendables, un prazo de cinco días hábiles para a corrección da documentación oportuna, sen que durante este prazo se permita a presentación de documentación complementaria non presentada con anterioridade, de maneira que esta fase de alegacións estará destinada á corrección de posibles erros aritméticos ou de feito da proposta de resolución. Esta listaxe deberá ser publicado nos taboleiros de anuncios da Corporación (sede electrónica), para os efectos da notificación aos interesados. En caso de non emendarse en prazo, entenderase que o interesado desiste da súa solicitude.

b) Cumprimentados estes trámites elevarase a proposta de concesión de subvencións ao órgano competente para a súa concesión, que será a Alcaldesa-Presidenta. Previamente a elaborar a proposta de acordo, publicaranse a efectos de notificación na páxina web municipal, no taboleiro de edictos electrónico do Concello, as seguintes listaxes:

1. Persoas solicitantes propostas como beneficiarias por presentar a súa solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria antes de esgotarse o crédito inicialmente dispoñible destinado a atender estas axudas.

2. Persoas solicitantes que non cumpren os requisitos establecidos na convocatoria quedando a súa solicitude desestimada.

3. Persoas solicitantes que non achegaron a totalidade da documentación requirida no artigo 10 da convocatoria con indicación da mesma.

4.- O Acordo de concesión será obxecto de publicación na páxina web municipal, no taboleiro de edictos electrónico do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións, fornecendo esta publicación os efectos da notificación.

O Acordo de concesión das subvencións conterá tanto o outorgamento das subvencións, que fixará expresamente a súa contía e incorporará, no seu caso, as condicións, obrigacións e determinacións accesorias a que debe suxeitarse a persoa beneficiaria das mesmas, como a desestimación expresa do resto das solicitudes ou lista prioritaria de reserva, no seu caso.

5.- O prazo máximo para resolver e notificar o acordo será de dous meses a contar do seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes.

Poñerá fin á vía administrativa, podéndose interpoñer contra ela recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditase a resolución ou ben recorrer directamente ante a orde xurisdiccional contenciosa-administrativo na forma e prazos previstos na lei reguladora da devandita xurisdición.

Artigo 13. Obrigas das persoas beneficiarias.

Son obrigas das persoas beneficiarias:

a. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións.

b. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impiden, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.

c. Cumprir as restantes obrigas que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.

d. No caso de que a persoa ou empresa beneficiaria se atope comprendida nos supostos do artigo 3. b) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigas de publicidade activa que lle resulten aplicables.

e.- Realizar a oportuna publicidade da presente subvención ,en virtude do art 18 LXS e 15 LSG e RLXS, coa colocación nun lugar visible dun cartel informativo no establecemento ou sede social da empresa ou autonomo ata 30-12-2021. No anexo III detállase o modelo de cartel impreso en formato A4.

Artigo 14. Forma de pago.

1.- O abono realizarase mediante transferencia bancaria na conta facilitada na solicitude, tras a publicación da lista definitiva.

Artigo 15. Revogación e reintegro.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro no caso de non cumprimento das condicións establecidas nestas Bases e na resolución de concesión da subvención e en especial:

a) A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron.

b) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control do cumprimento.

Artigo 16. Obriga de colaboración.

1.- Os beneficiarios e os terceiros relacionados co obxecto da subvención e a súa xustificación estarán obrigados a prestar colaboración e facilitar cantas evidencias sexan requiridas no exercicio das funcións de control que correspondan ao Concello de Vilalba, así como aos órganos que, de acordo coa normativa aplicable, teñan atribuídas funcións de control financeiro.

2.- Os beneficiarios e os terceiros relacionados co obxecto da subvención e a súa xustificación, coa presentación da solicitude de axuda, autorizan expresamente ao Concello de Vilalba solicitar información a outras administracións co obxecto de realizar os labores de comprobación e control da mesma en calquera das súas fases.

Artigo 17. Confidencialidade e protección de datos.

1.- As tarefas desenvolvidas como consecuencia da execución das presentes Bases reguladoras, así como a documentación xerada polas mesmas, entenderanse en todo momento de exclusiva propiedade da parte que a proporciona, garantíndose por parte do Concello de Vilalba a total confidencialidade da información nelas recollida.

2. -O Concello de Vilalba comprométese a tratar de modo confidencial calquera datos ou informacións que lle sexan proporcionados

ANEXO I (agrupación, grupos, e epígrafes de actividades subvencionables)

EPÍGRAFES QUE FIGURABAN NA PRIMEIRA CONVOCATORIA

Agrupación 65: Comercio polo miúdo de produtos industriais non alimenticios realizado en establecementos permanentes.

Grupo 651. Comercio ó por menor de produtos textiles, confección, calzado, pieles e artigos de coiro.

Epígrafe 652.4 Comercio ó por menor de plantas e herbas en herbolarios

Grupo 653. Comercio ó por menor de artigos para o equipamento do fogar e a construción.

Grupo 654. Comercio ó por menor de vehículos terrestres, aeronaves e embarcacións e de maquinaria, accesorios e pezas de recambio.

Grupo 656. Comercio ó por menor de bens usados tales como mobles, prendas e enseres ordinarios de uso doméstico

Grupo 657. Comercio ó por menor de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios

Grupo 659. Outro comercio ó por menor.

Agrupación 67: Servizo de alimentación en cafés e bares con e sen comida.

Grupo 671. Servizos en restaurantes.

Grupo 672. En cafeterías.

Grupo 673. En cafés e bares, con e sen comida.

Grupo 674. Servizos especiais de restaurante, cafetería e café-bar.

Grupo 675. Servizos en quioscos, caixons, barracas ou outros locais análogos, situados en mercados ou prazas de abastos, ó aire libre na vía pública ou xardíns.

Grupo 676. Servizos en chocolaterías, heladerías e horchaterías.

Agrupación 68: Servizo de Hospedaxe.

Grupo 681. Servizo de hospedaxe en hoteis e moteis.

Grupo 682. Servizo de hospedaxe en hostais e pensións.

Grupo 683. Servizo de hospedaxe en fondas e casas de hóspedes.

Grupo 684. Servizo de hospedaxe en hoteis-apartamentos.

Grupo 685. Aloxamentos turísticos extrahoteleiros.

Grupo 686. Explotación de apartamentos privados a través de axencia ou empresa organizada.

Grupo 687. Campamentos turísticos nos que se prestan os servizos mínimos de salubridade, como auga potable, lavabos, fregadeiros, etc.

Agrupación 72. Outros transportes terrestres.

Epígrafe 721.2 Transporte por autotaxis

Grupo 967: Instalacións deportivas e escolas e servizos de perfeccionamento do deporte.

Epígrafe 967.1 Instalacións deportivas.

Epígrafe 967.2 Escolas e servizos de perfeccionamento do deporte.

Epígrafe 967.3 Alquiler de artigos para deporte en instalacións deportivas.

Grupo 972. Salóns de peluquería e institutos de beleza.

Epígrafe 972.1 Servizos de peluquería de señora e cabaleiro

Epígrafe 972.2 Salóns e institutos de beleza e gabinetes de estética

Grupo 981. Xardíns, parques de recreo ou de atraccións e acuáticos e pistas de patinaxe.

Epígrafe 981.2 Servizos xardíns de recreo (Ludotecas, Xardíns de recreo)

Agrupación 03. Actividades relacionadas coa música.

Grupo 032. Intérpretes de instrumentos musicais.

Grupo 033. Cantantes.

Grupo 039. Outras actividades relacionadas coa música, n.c.o.p.

**OUTROS EPÍGRAFES SUBVENCIONABLES QUE SE INCLÚEN
NA SEGUNDA CONVOCATORIA**

Epígrafe 644.1 Comercio ó por menor de pan, pastelería, confitería e similares e de leite e produtos lácteos. Neste caso terá que acompañar declaración de ingresos de que como mínimo o 80% procede da actividade de pastelería ou confitería.

Grupo 663. Comercio ó por menor fora dun establecemento comercial permanente (ambulancia, mercadillos e mercados ocasionais ou periódicos).

Agrupación 82. Profesionais da ensinanza.

Grupo 821. Persoal docente de Ensinanza Superior.

Grupo 822. Persoal docente de Ensinanza Media.

Grupo 823. Persoal docente de Ensinanza Xeral Básica e Preescolar.

Grupo 824. Profesores de formación e perfeccionamiento profesional.

Grupo 825. Profesores de conducción de vehículos terrestres, acuáticos, aeronáuticos, etc.

Grupo 826. Persoal docente de ensinanzas diversas, tales como Educación Física e Deportes, Idiomas,

Mecanografía, preparación de exámenes e oposicións e similares.

Grupo 854. Expertos en organización de congresos, assembleas e similares.

Grupo 932. Ensinanza non reglada de formación e perfeccionamiento profesional e educación superior.

Epígrafe 932.1 Ensinanza de formación e perfeccionamiento profesional, no superior.

Epígrafe 932.2 Ensinanza de formación e perfeccionamiento profesional superior.

Grupo 933. Outras actividades de ensinanza.

Epígrafe 933.1 Ensinanza de conducción de vehículos terrestres, acuáticos, aeronáuticos, etc.

Epígrafe 933.2. Promoción de cursos e estudos no estranxeiro.

Epígrafe 933.9 Outras actividades de ensinanza, tales como idiomas, corte e confección, mecanografía, taquigrafía, preparación de exames e oposicións e similares, n.c.o.p.

Grupo 982. Tómbolas, espectáculos e xogos, así como comercio ó por menor e servizos de restauración, propios de feiras e verbenas, organización e celebración de apostas deportivas, loterías e outros xogos.

Epígrafe 982.1. Tómbolas e tarifas autorizadas en establecemento permanente. Epígrafe 982.2. Tómbolas e rifas autorizadas, fora de establecemento permanente.

Epígrafe 982.3. Exposición de figuras de cera en establecemento permanente. Epígrafe 982.4. Outras atraccións, comercio ó por menor e servizos de restauración propios de feiras e verbenas, fora de establecemento permanente.

Grupo 983. Axencias de colocación de artistas.

Grupo 989. Outras actividades relacionadas con espectáculo e o turismo. Organización de congresos. Parques ou recintos feirais.



ANEXO I - Instancia para as Subvencións autónomas / empresas peche COVID-19

Datos do interesado

Tipo de persoa

NIF/CIF

Física

Nome

Primeiro apelido

Segundo apelido

Razón Social

(Só si Tipo de persoa = Xurídica)

Datos do representante

Tipo de persoa

NIF/CIF

Xurídica

Nome

Primeiro apelido

Segundo apelido

Razón Social

(Só si Tipo de persoa = Xurídica)

Poder de representación que ostenta

Nome do convenio

(Só si Poder de representación que ostenta = Estou adherido a un convenio con esta administración para representar ao interesado)

Datos a efectos de notificacións

Medio de notificación

Email

Móbil

Papel

País

Provincia

Municipio

Núcleo diseminado

Código postal

Tipo Vía

Enderezo

Número

Bloque

Escaleira

Andar

Porta

Expón / Solicita

Expón

- 1.- Que reúne os requisitos das axudas de autónomas e empresas afectadas polo peche obrigatorio das súas actividades durante a situación de crise sanitaria por causa do Covid-19, publicadas polo Concello de Vilalba.
- 2.- Que dispoño de ____ local/es ou negocio/s en Vilalba, e os epígrafes ós que pertence a miña actividade son:

-
-
-

Solicita

Axuda por importe de:

Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos

- ☐ Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos aportados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.

Información básica sobre protección de datos

Responsable	Concello de Vilalba
Finalidade	Tramitar procedementos y actuacións administrativas.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público o no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Destinatarios	Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos no seguinte enderezo: http://vilalba.sedelectronica.es/

- ☐ Presto o meu consentimento para que os datos aportados na instancia e na documentación que a acompaña podan ser utilizados para o envío de información de interese xenal.

Información básica sobre protección de datos

Responsable	Concello de Vilalba
Finalidade	Tramitar procedementos y actuacións administrativas.
Destinatarios	Cumprimento dunha misión realizada en interese público o no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Lexitimación	Consentimento
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos no seguinte enderezo: http://vilalba.sedelectronica.es/

- ☐ Presto o meu consentimento para que a Entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables.

Declaracións e compromisos

- ☐ Declárase que a persoa/entidade solicitante non factura máis de 500.000 €, segundo estipula o artigo 7 das bases da convocatoria de axudas de autónomas e empresas afectadas polo peche obrigatorio das súas actividades durante a situación de crise sanitaria por causa do Covid-19, publicadas polo Concello de Vilalba.
- ☐ Declárase que a persoa/entidade solicitante pertence ó sector hostaleiro (epígrafe 67), ten máis de 10 traballadores, e factura máis de 500.000 €, segundo estipula o artigo 7 das bases da convocatoria de axudas de autónomas e empresas afectadas polo peche obrigatorio das súas actividades durante a situación de crise sanitaria por causa do Covid-19, publicadas polo Concello de Vilalba.
- ☐ Declárase que a persoa/entidade solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.
- ☐ Que a persoa/entidade solicitante comprométese ao cumprimento das obrigacións das persoas/entidades beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Sinatura

Sinatura



ANEXO III. Modelo de Cartel, en formato tamaño A4.

 Concello de Vilalba	AXUDAS DO CONCELLO DE VILALBA A AUTÓNOMOS E EMPRESAS AFECTADAS POLO PECHE OBRIGATORIO DAS SÚAS ACTIVIDADES DURANTE A SITUACIÓN DE CRISE SANITARIA POR CAUSA DA COVID-19 POR CONCURRENCIA NON COMPETITIVA. AUTÓNOMO/EMPRESA BENEFICIARIA: IMPORTE AXUDA CONCEDIDO:
--	---

Vilalba, 22 de decembro de 2021.- A Alcaldesa, María Elba Veleiro Fernández.

R. 3691

CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Anuncio

Por Resolución da Presidencia do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento de data 9 de decembro de 2021, unha vez concluído o pertinente proceso selectivo e visto o resultado e a proposta de nomeamento emitida polo Tribunal Cualificador do procedemento para a provisión definitiva de dúas prazas de Administrativo de Administración Xeral (publicadas as Bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 55, de data 9 de marzo do 2021), efectuouse o nomeamento de Dña. BLANCA MARIA FERNÁNDEZ NUÑEZ e Dña SANDRA MARIA ARES CAMPELLO para cubrir dúas prazas de funcionario de carreira do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, Grupo C, Subgrupo C1.

As funcionarias nomeadas deberán tomar posesión ou incorporarse no prazo de 30 días a contar dende o día seguinte ó da publicación do anuncio.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Lugo, 22 de decembro de 2021.-O SECRETARIO-INTERVENTOR, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3664
